

AS MOTIVACIÓNS DAS ESCOLLAS LINGÜÍSTICAS DOS FALANTES: DISTINTOS NIVEIS DE CONSCIENCIA

ANA IGLESIAS

Universidade de Vigo

Ao longo do proceso de socialización, cada individuo vai conformando as súas identidades (múltiples) e o seu sistema de valores, actitudes e ideoloxías e, en gran parte, este proceso ten lugar a través das interaccións verbais. Polo tanto, a lingua convértese en vehículo e resultado cando o que nos interesa é analizar as escollas lingüísticas dos falantes e os motivos que subxacen nelas. Así, a lingua é parte integral dun proceso que entendemos de xeito dinámico e incluso conflitivo, non restrinxido á infancia, senón que se mantén activo durante a traxectoria vital. Coincidimos coa teoría da socialización lingüística (Ochs & Schieffelin 2012), na importancia do contexto neste proceso, entendido como todos os axentes socializadores que poden influír nel, así como no papel activo dos propios suxeitos, na liña do concepto de auto-xestión (self-management) de Spolsky (2009, 2021). No marco que ofrecen estas perspectivas teóricas, o noso obxectivo é precisamente investigar sobre as relacións existentes entre a traxectoria sociolingüística dos individuos, as súas actitudes e ideoloxías lingüísticas, e os seus comportamentos lingüísticos. Partimos da hipótese da interrelación e retroalimentación destes tres tipos de procesos, polo que consideramos fundamental o seu estudo co fin de contribuír á comprensión do mantemento, abandono ou recuperación das linguas minorizadas. Centrámolos en concreto no caso do contacto galego-castelán e recorreremos a técnicas metodolóxicas diversas, que nos permitan achegarnos desde distintos enfoques a unha realidade complexa e cambiante, desde entrevistas semi-dirixidas e grupos de discusión, ata autogravacións ou tests de actitudes implícitas. Escollemos como poboación obxecto de estudo o alumnado universitario, por atoparse nun momento vital de transición entre a xuventude e a incorporación á vida adulta que nos parece de especial interese para profundar nos procesos identitarios, ideolóxicos e transformadores en relación coas condutas.